

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 22/07/1969

Colección:

Data: 22/07/1969

De:

Fernando Pereira Caamaño;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixe:

Presidente Wilson (Rambla), 503 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete:] PATRONATO DA CULTURA GALEGA / Secretaría: RAMBLA WILSON 503 / MONTEVIDEO.

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Día de Galicia; Emigración; Exposición de Estampa Popular Galega. XIV Jomadas de Cultura Galega. Montevideo. 1969; Hotel Los Ángeles (Montevideo); IPUSA; Literatura; Migracións; Xornadas da Cultura Galega. Patronato da Cultura Galega de Montevideo;

Mencionados:

Isaac Díaz Pardo; Manuel María; Antonio Pérez Prado;

Transcripción da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 22/07/1969

Montevideo, 22-VII-69

Benquerido Seoane:

Non pode imaxinarse a miña pena... Acaban de entregarme o libro de Manuel María e vostede pode ollar o desastre. A rabia que teño é porque non podemos facer nada. O papel (gratis) douno IPUSA e o traballo fixo FUS a un custo baixísimo (quizaves gratis tamén) e así non hai moito dereito a protestar pola transparencia dos debuxos. Teño moita pena, xa que todos (e non digamos vostede) puxemos

moito agarimo na laboura.

Onte falei por teléfono con Pérez Prado, quen me dixo que viña o sábado. De inmediato comuniquéino aos demais membros da Directiva. Estamos moi ledos e moi agradecidos por esta nova deferencia que ten con nós.

Adxúntolle dúas invitacións pra inauguración da Eisposición, que agora será o próisimo viernes 25, pra tratar de ter nesa data (Día de Galicia) a cerámica. O pasado 14 puxemos un cable a Díaz Pardo pedíndolle que mande algo por avión. Conseguimos un permiso do Municipio deica ó 4 de agosto)que cáseque seguro alongarase hastra o 10).

Non deixen de avisar con tempo pra ire a agardalos. Teñen reservada unha habitación pra dous no Hotel Los Ángeles, 18 de julio 974, a nome de vostede (e do Patronato).

Adxunto tamén algúns programas das XIV Xornadas de Cultura Galega.

Saúdos prá súa dona. Unha aperta:

Pereira

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.